



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación modificación das bases específicas aprobadas para a cobertura dunha praza de inspector/a da policía local (subgrupo A2), pola quenda de mobilidade, C.E.22/23

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 8 de maio de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Modificar a redacción da base 6.1.d), relativa ó baremo de distincións e recompensas oficiais, das bases específicas para a cobertura, pola quenda de mobilidade, dunha praza de inspector/a da policía local (subgrupo A2), da escala de administración especial, subescala servizos especiais, aprobadas mediante Resolución do Concelleiro responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data do 31/03/2026 (BOP núm. 62 do 06/04/2026), no seguinte senso:

Onde di:

“Distincións e recompensas oficiais:

- *Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.*
- *Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.*
- *Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.*
- *Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.*
- *Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.*

A puntuación máxima neste apartado será de 2,00 puntos.”

Debe dicir:

“Distincións e recompensas oficiais:

- *Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.*
- *Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.*
- *Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.*
- *Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.*
- *Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.”*

Segundo.- Publicar a devandita modificación no BOP e na páxina web do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal>). Esta modificación non supón unha alteración no prazo de presentación de instancias, xa que non prexudica os dereitos de ningún terceiro, nin supón a necesidade de achega de nova documentación, remitíndose ó disposto na normativa específica aplicable aos corpos da Policía Local.

Terceiro.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 14 de maio de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas